

XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DA NORMATIVA

O artigo 46.2.i) da LOU recolle como un dereito dos estudantes obter recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

En dito artigo non especifica que este dereito sexa solo para os estudantes das titulacións de grao senón que é un dereito xenérico de todos os estudantes.

O artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, dispón que os estudantes das ensinanzas universitarias oficiais de Grao poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plano de estudos cursado.

A normativa de “Transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior” da Universidade de Vigo establece que os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación em actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plano de estudos cursado.

En dita normativa de recoñecemento non se establecen as actividades de representación estudantil nin o número de créditos obxecto de recoñecemento polo que é necesario acudir á normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións de Grao que se aprobe en Consello de Goberno.

Dado que a LOU non fai diferenzas entre os alumnos das antigas titulacións de Diplomado e Licenciado e os alumnos das titulacións de Grao, faise necesario modificar a actual “Normativa para a Libre Elección” á que están suxeitos os alumnos das titulacións de Diplomado e Licenciado co fin de recoñecerlle o dereito establecido na LOU.

Por outra banda, o programa europeo Erasmus incorporou recentemente unha nova acción destinada a favorecer a mobilidade de estudantes para realizar prácticas en empresas de países europeos promovendo o recoñecemento académico das prácticas e impulsando o desenvolvemento dun espazo aberto de cooperación europea no ámbito da ensinanza superior e o mercado laboral. Co obxecto de fixar un regulamento específico que estableza os mecanismos polos que os/as estudantes poidan facer efectivo o período de prácticas realizado ao amparo deste programa, faise necesaria a modificación da normativa propia.

MODIFICACIÓN DA NORMATIVA SOBRE LIBRE ELECCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobada polo Consello de Goberno de 20/04/09)

1) Onde di:

II.- DIRECTRICES PARA A OFERTA DE LIBRE ELECCIÓN

4. Co fin de dar cumprimento ós diferentes aspectos do establecido no artº 7.1.c. das D.X.C., a oferta de libre elección establecida pola Universidade de Vigo estará constituída por:

1. Materias Troncais, Obrigatorias e Optativas de planos de estudio vixentes
2. Materias Específicas de Libre Elección
3. Actividades Académicas ofertadas para a Libre Elección

Debe dicir:

II.- DIRECTRICES PARA A OFERTA DE LIBRE ELECCIÓN

4. Co fin de dar cumprimento ós diferentes aspectos do establecido no artº 7.1.c. das D.X.C., a oferta de libre elección establecida pola Universidade de Vigo estará constituída por:

1. Materias Troncais, Obrigatorias e Optativas de planos de estudio vixentes
2. Materias Específicas de Libre Elección
3. Actividades Académicas ofertadas para a Libre Elección

De acordo co artigo 46.2.i) da LOU os estudantes terán dereito a obter recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

2) Engadir no apartado:

II.- DIRECTRICES PARA A OFERTA DE LIBRE ELECCIÓN

Ao final do apartado 34:

34 bis. Prácticas externas en empresas ou institucións estranxeiras.

Concederáse o seguinte recoñecemento de créditos, sempre e cando o/a estudante presente os correspondentes informes favorables e as prácticas sexan xestionadas desde a Universidade de Vigo ou outras institucións coas que exista convenio de xestión de prácticas:

- 3 créditos por cada mes de prácticas a tempo completo desenvolvidas no estranxeiro, até um máximo de 9 créditos.

Exclúense actividades correspondentes ao practicum, ou calquera outra materia do plano de estudos da titulación cursada polo estudante.

No caso da acción Erasmus prácticas a Universidade de Vigo garante o pleno recoñecemento das prácticas nos termos subscritos no correspondente Acordo de Formación e fará constar a dita información no Suplemento Europeo ao Título.

Ao final do apartado 41:

41.Bis. De acordo co artigo 46.2.i) da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias de representación estudantil.

As actividades obxecto de recoñecemento e os requisitos esixidos serán os establecidos na "Normativa de Recoñecemento de Créditos por Actividades en Titulacións de grado" aprobada en Consello de Goberno de data **/**/, coa seguinte equivalencia:

1 ECTS por cada 30 horas equivale a 2 créditos de Libre Elección por cada 30 horas
1,5 ECTS por curso académico implica 3 créditos de Libre Elección por curso académico
2 ECTS por curso académico implica 4 créditos de Libre Elección por curso académico